

—A temática da guerra non é frecuente na narrativa galega. Por que se decidiu a afrontala e, ademais, dun xeito tan brutal—en *O bebedor de rakia*?

—A novela non xurdiu desa forma, como posibilidade de “afrontar” unha determinada temática. Simplemente, coñecía unha serie de circunstancias acontecidas nese lugar (a guerra de Bosnia) e nese período de tempo (1992–93), e pensei que podería intentar escribir unha historia. Por outra banda, a cuestión das misións humanitarias é algo que está en boca de todos, mais as informacións que abordan isto quedan na superficie, e non sabemos moi ben que se fai alí e como se desenvolve o traballo dos militares destinados nestes lugares. Polo tanto, intentei, a través dos meus personaxes, mostrar as entrañas do que aconteceu nunha destas misións, co fin de mostrarlle ao lector aspectos seguramente descoñecidos para el.

—Moito do que conta na novela está baseado en testemuñas reais. Como fixo para atopar xente que lle contara o que de verdade pasa nesas “misións de paz” que, en realidade, non son tales?

—Ás veces, un xa pensa que son as propias historias as que te buscan a ti, e non ao contrario. Suceden cousas moi curiosas no tocante á xénese dun libro, e os motivos polos que este bota a andar son variados. Atopas persoas que, de súpeto, che contan que estiveron en tal sitio; a túa cabeza comeza a darlle voltas e o proceso xa resulta impagable. A casualidade fixo que xente con estas vivencias se cruzase no meu camiño, me levasen dunhas a outras, decidisen contarme o vivido. Non sen dificultades, sobre todo porque foi unha experiencia dura que prefiren esquecer e da que non queren falar.

—Haberá quen diga: “vale, moi ben, a guerra é un horror, pero a todos estes mozos ninguén os obrigou a ser soldados”. Logo, igual non son tan inocentes...

—Non, coido que na novela queda claro que ninguén é inocente. Os motivos polos que os militares dos que falo n’*O bebedor de rakia* foron a Bosnia son variados. Agora ben, hai moitas maneiras, incluso algunhas moi sutís, de “animar” a alguén a facer algo. É o primeiro que se lles di, e así foi neste caso, é que non van a unha guerra. Estamos a escoitalo todos os días. Sempre poden xurdir complicacións, vai no soldo, mais alí as dificultades sobrepasaron o que moitos mozos de dezanove ou vinte anos, sen experiencia ningunha e sen preparación psicolóxica axeitada, podían agardar. Esta participación en misións de paz constituía unha cuestión novidosa e, en certa maneira, hai quen pagou a novatada.

—No lle parece moi arriscado, dende o punto de vista da credibilidade, botarlle a culpa, ou xustificar nos horrores da guerra, que o protagonista da súa novela, Alberte, acabe agredindo á súa propia muller?

De xustificar, nada. Eu, como autor, non xustifico ningunha acción dos meus personaxes. Afirmar isto é non saber diferenciar entre autor e narrador, algo que estou certo que calquera lector corrente si sabe distinguir. Quen intenta xustificarse é Alberte. E quen é Alberte? Un bebédo, unha persoa traumatizada polo que viviu e viu en Bosnia. Cando se sente acurralado, reacciona como un soldado. Pero as súas xustificacións non nos convencen, ou non deberían convencernos, ademais de que estes intentos de au-

toxustificación exculpatoria son propios da psicoloxía do maltratador.

—Noutra entrevista, dixo Vde. que a novela conta o que os medios de comunicación non fan, pero, a estas alturas, pensa que alguén cre aínda que as misións de paz son algo así como unas “vacacións pagadas”?

Non sei se alguén o crerá. Desde logo, segue a ser a imaxe que os medios de comunicación dan. E si, todos os días hai moitos que seguen a xustificar tales misións nese sentido e a dar a visión das mesmas que lles interesa dar. Sobran os exemplos. O nivel de manipulación por parte dos medios de comunicación, en relación coa guerra de Bosnia, foi vergoñento. E segue a selo agora noutros lugares, a cousa non cambia. Os medios actuaron, e seguen a actuar, como monicreques, levando a auga polo rego que queren os que os teledirixen. E así o percibe despois quen ve a televisión ou le o xornal. Se hai tempo que os medios de información deixaron de ser tal, para converterse nunha peza máis do grande espectáculo, neste caso concreto, a representación foi lamentable. Unha das ideas básicas da novela é a de mostrar uns feitos, algúns ignorados intencionadamente no seu día, para que sexa o lector o que saque as súas propias conclusións do que hai detrás de todo isto.

—A temática, desde logo, faise moi galego ao ter en conta que a BRILAT ten o seu

cuartel xeral en Galicia. Intentou falar con algún mando no proceso de documentación desta novela?

—Non. Como comprenderá, a “versión oficial” resulta predicible. Para tal perspectiva, xa contamos co que din os medios de comunicación, non lle parece? De certo que lles molestarían certas preguntas. Non sei se me contestarían a cuestións como, por exemplo, se informaron sempre aos familiares cando algúns militares sufrían certos “accidentes”, ou quen escolliu e con qué criterios os emprazamentos para os campamentos, mesmo no relacionado coa súa seguridade e salubridade, ou en qué condicións despregaban os condutores dos convois o seu traballo, ou se os soldados tiñan ordes claras en canto á protección da poboación civil e en canto á súa propia protección. Os que pasaron por alí nos comezos da misión,

“Non me pareceu fiable falar cos altos mandos da BRILAT”



FOTO: ELI REGUEIRA

Xesús Manuel Marcos

“Quixen mostrar as entrañas do que pasa nas misións de paz”

*Versátil na temática das súas novelas, Xesús Manuel Marcos (Seoane do Caurel, 1967) mergulla, con O bebedor de rakia (Xerais), no inferno que os soldados españois sufriron na guerra dos Balcáns. Para documentar o que relata, Marcos recabou testemuñas reais de mozos galegos que estiveron na primeira liña da fronte.*

LOURDES VARELA

naquel duro inverno do 92, non teñen bos recordos do acontecido: en parte, precisamente, pola pésima preparación e previsión, primeiro, dos oportunistas responsables políticos e despois, dalgúns mandos. Supoño que algo aprenderían desde aquela.

—Matina Vde. unha “segunda parte” ou outra novela arredor da temática da guerra moderna?

—Despois de mergullarme neste conflito, tampouco me quedaron moitas ganas dunha segunda parte. Ao revir a través da escrita un drama destas características, non podes quedar indemne e, polo menos durante un tempo, un queda saturado destas imaxes tan terribles. Sobre outras historias noutras guerras distintas, calquera sabe.

—O feito de vivir en Madrid, que perspectiva lle dá sobre a literatura galega que se está a facer e de que xeito inflúe na súa propia obra o residir fóra de Galicia?

—O que percibo é a existencia dunha literatura rica, variada, cunha serie de autores que contan coas lecturas e a experiencia na escrita suficientes para facer o que lles pette. Ademais, conflúen arestora escritores de varias xeracións, todos con grande madurez. Por outra banda, estamos diante dunha literatura pouco promocionada e valorada, tanto dentro como fóra de Galicia e, polo tanto, ignorada en boa medida. Polo demais, vivir nunha cidade como Madrid inflúe sobre-

bremaneira nun escritor, xa que somos como esponxas. O tipo de vida e as relacións que se establecen son distintas, iso afecta e cambia a túa escrita porque tamén te cambia a ti. Tematicamente, de certo que amplía as perspectivas e as posibilidades. O acceso a todo tipo de información tamén é unha axuda importante á hora de buscar novas cousas que contar. No meu caso, que me criei nunha pequena aldea courelá, os contrastes son enormes. Todo isto, sen perder a perspectiva, sen esquecer quen son, de onde veño e que cousas quero contar.

—Unha boa parte da súa produción enmárcase no campo da chamada “literatura xuvenil”. Vde. ten en conta a idade do público ao que se dirixe?

—Cando se trata da mal chamada “literatura xuvenil”, non o teño en conta. Supoño que si o tería no caso de escribir literatura infantil. Por unha cuestión de madurez no lector. Aínda que ultimamente é este tipo de lector o que máis me sorprende, pola súa imaxinación e creatividade, pola súa total implicación perante calquera proposta. Cada día me sinto máis a gusto na súa compañía.

—Domingo Villar, galego tamén e residente en Madrid, está batendo récords de vendas coas súas novelas de xénero negro. A Vde. non lle apetece probar a facer unha incursión no thriller clásico?

—O caso de Villar demostra o que pode facer a literatura galega. Se, ademais das virtudes concretas do libro, contas co apoio de profesionais que confían nun autor e saben o que fan, o recoñecemento non tarda en chegar. Non me importaría que o éxito de crítica que está a ter *O bebedor de rakia* se trasladase ao lector, porque, sen lector, o teu traballo queda eivado, frustrado. No meu caso, os libros non xorden desa maneira: “agora vou escribir un thriller clásico”. Máis ben, e dado que agora están tan de moda este tipo de novelas, case prefiro tirar polo camiño oposto.